

COMUNICACIÓN DO 24 DE FEBREIRO DE 2021 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA SOBRE O ADIAMENTO DE EXAMES POR MOR DA SITUACIÓN SANITARIA DERIVADA DA COVID-19.

Con motivo da situación sanitaria derivada da COVID-19 e logo da publicación do Plan para a transición deica unha nova normalidade do Ministerio de Sanidade que contiña as previsións da recuperación da actividade e as medidas escalonadas para tal finalidade, a Xerencia da Universidade da Coruña publicou unha comunicación con data 4 de maio de 2020 na que comunica que os procesos selectivos convocados correspondentes as ofertas de emprego público dos anos 2015, 2016, 2017, 2018, estabilización e 2019 non se celebrarían antes do 1 de outubro de 2020.

Logo do exame da situación da crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19 compreu adoptar medidas necesarias para facer fronte o interés xeral.

Porén, tanto dende a Xunta de Persoal como desde ás presidencias dos tribunais de selección, trasladouse á Xerencia da UDC a inqueda das persoas participantes sobre as datas de celebración dos exames correspondentes aos procesos selectivos das ditas OEP's do Persoal de Administración e Servizos.

Así pois, perante esa situación e coa finalidade de achegar certezas e seguridade ás máis de tres mil cincocentas persoas participantes nos sinalados procesos selectivos, a Xerencia co asentemento das presidencias dos tribunais de selección, comunicou que non se celebrarían exames derivados deses procesos antes do 1 de marzo de 2021.

Na situación actual, logo da publicación da Presidencia da Xunta de Galicia, da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOGA do 29 de xaneiro), tendo en conta a súa Disposición adicional segunda *medidas especiais en materia dos procesos selectivos ou de provisión derivadas da situación de emerxencia sanitaria*", a Xerencia, co novo asentemento das presidencias dos tribunais de selección comunica que non se celebrarán exames dos procesos selectivos que a seguir se detallan antes do día 1 de setembro de 2021.

- . Escala administrativa. grupo C1
- . Escala técnica auxiliar (subescala auxiliar de servizos). Grupo C2
- . Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Grupo A2
- . Escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos. Grupo C1

Asinado dixitalmente polo xerente da UDC.

Código Seguro De Verificación	76d1FDd2HfxdkZP6OgXQcw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	24/02/2021 12:35:04
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/76d1FDd2HfxdkZP6OgXQcw==		

